

O acento diacrítico

Utilízase o acento gráfico con función diacrítica para distinguir dúas palabras que teñen a mesma forma na escrita, pero que se diferencian porque a vogal tónica ten distinto timbre ou porque unha palabra é tónica e a outra átona (*póla/pola, dá/da*). En moitos casos non é necesario facer diferenzas gráficas, porque o significado das palabras resulta claro ao apareceren en contextos diferentes:

*el colle (o aberto),
colle ti (o pechado)*

*el mete (e aberto),
mete ti (e pechado), etc.*

Outras veces pode haber confusións e por iso cómpre poñerlle acento a unha das dúas formas homógrafas; neste caso pónselle sempre acento gráfico á palabra que ten vogal aberta ou á que é tónica. Así:

á (a + a artigo; subst.) a (artigo; pron.; prep.)

ás (a + as artigo; subst.) as (artigo; pron.)

bóla ('esfera') bola (peza de pan)

cá (ca + a) ca (conx.)

cás (ca + as) cas (prep.)

chá ('plana') cha (che + a)

chás ('planas') chas (che + as)

có (ca + o) co (con + o)

cós (ca + os; subst.) cos (con + os)

cómpre ('é mester') compre ('merque')

cómpren ('son mester') compren ('merquen')

dá (pres. e imp. de dar) da (de + a)

dás (pres. de dar) das (de + as)

dó ('compaixón') do (de + o)

é (pres. de ser) e (conx.)

fóra (adv.) fora (antepret. de ser e ir)

má ('ruín') ma (me + a)

más ('ruíns') mas (me + as)

máis (adv. e pron.) mais (conx.)

nó (subst.) no (en + o)

nós (pron. tónico; pl. de *nó*) *nos* (pron. átono; *en + os*)
ó (*a + o*) *o* (artigo; pron.)
ós (*a + os*) *os* (artigo; pron.)
óso (do corpo) *oso* (animal)
pé (parte do corpo) *pe* (letra)
póla ('rama') *pola* ('galiña'; *por + a*)
pór ('poñer') *por* (prep.)
présa ('apuro') *presa* ('prendida'; 'presada')
sé ('sede eclesiástica'; imp. de *ser*) *se* (conx.; pron.)
só (adv. e adx.) *so* (prep.)
té ('infusión') *te* (pron.; letra)
vén (pres. de *vir*) *ven* (pres. de *ver*; imp. de *vir*)
vés (pres. de *vir*) *ves* (pres. de *ver*)
vós (pron. tónico) *vos* (pron. átono)

Noutros casos o acento só se utilizará en contextos ambiguos e marcando sempre graficamente a palabra con vogal aberta: (*el*) *tén* / *ten* (*ti*). Para os interrogativos e exclamativos véxase 2.7.4.

2.7.2. O verbo con pronome enclítico e cos alomorfos do artigo lo(s), la(s)

- **Cando os verbos levan pronomes enclíticos, no tocante á acentuación gráfica compórtanse coma se fosen unha soa palabra.** Por iso escribimos *cantará* / *cantara*, *cantaraa* / *cantáraa*; *beberá* / *bebera*, *beberaa* / *bebéraa*; *recibirá* / *recibira*, *recibiraa* / *recibíraa*; *bebérala* / *beberala*; *cantárana* / *cantarana*; *métese*; *méteseche*; *meteuse*; *metéusenos*; *tómao*; *fixéronllelo*, etc.

- **As formas verbais que levan acento diacrítico mantéñeno cando van seguidas dunha forma átona do pronome:**
é / *élle* / *éa*; *dáo* / *dáme* / *dálle*; *ti dálo á forza* / *dáslle*;
vélo comprar?

2.7.3. Os adverbios en -mente. Palabras compostas

Por se tratar de palabras graves rematadas en vogal, resulta innecesario o acento gráfico nos adverbios en -mente. Por iso debemos escribir *comicamente, comunmente, dificilmente, friamente, habilmente, rapidamente, rexamente, finxidamente, utilmente*. No caso de apareceren varios adverbios en -mente coordinados, esta terminación só aparece no derradeiro, e os anteriores manteñen o seu acento: *cómoda e facilmente*.

2.7.4. Outros casos

A utilización de recursos gráficos para distinguir entre as funcións gramaticais que pode ter unha mesma palabra debe reducirse a aqueles casos que poidan causar problemas de interpretación do texto escrito. Por outra parte, o acento diacrítico utilízase unicamente para diferenciar palabras en principio homógrafas mais non homófonas, polo que o seu uso para diferenciar, por exemplo, *este, ese, aquel* etc. en función substantiva, de *este, ese, aquel* etc. en función adxectiva, supoñería a introdución dun novo criterio non xustificable. De acordo con isto, **non se acentúan en ningún caso nin os demostrativos nin o indefinido e numeral un**: *esta mesa, quero esta, mira esa, colle aquela, un can, un deles, dáme un*.

Cal, cando, canto, como, onde, que e quen non se acentúan en interrogativas e exclamativas directas: *cal queres?, cando vés?, canto queres?, como che vai?, onde está?, que queres?, quen cho deu?, que desgraza!*

Tampouco se acentúan as formas do interrogativo e exclamativo cando introducen interrogativas indirectas (*pregúntalle cando volve, pregúntalle onde está, preguntoulle cal quería*), agás cando for preciso para evitar posibles anfiboloxías: *dille qué queres, / dille que queres, xa sabes qué hai? / xa sabes que hai?, xa sabes cómo lle custou / xa sabes canto lle custou, etc.*